

vigo  
2011

MARIO  
*Arria e Volandina*  
HORTAS



**En portada:**

Meninha I

Granito. 55 x 40 x 12 cm (2010)

Arria e Volandina (Pedra e Alma)

**Textos:** Suso de Toro, Bieito Ledo, Antón Sobral, Lalo Vázquez

**Fotografía:** Isidro Palacios

**Diseño:** Palacios Publicidad


**Colaboración especial:** Antón Pulido

**e-mail:** [mariohortas@telefonica.net](mailto:mariohortas@telefonica.net)

**Móbil:** 666 360 235

*Dende que hai homes na terra,  
dende a acha dos tempos,  
as arias falan.*

**Celso Emilio Ferreiro**  
Gabanzas dos Canteiros



**MATERNIDADE II**  
Granito  
72 x 37 x 18 cm  
1999

## INOCENCIA VOLUNTARIA

*Cando alguén que vive no mundo das ideas, do traballo intelectual, como o doutor Mario Horta quer ensaiar a crear coas mans é interesante comprobar como comeza desde o principio, vai á fonte. E no principio encontra as imaxes e as ideas que fundan as nosas vidas, desde a preñez mesma até o afecto da nai ou duna persoa amada, e tamén os lugares que acollen a un, desde o ventre materno até unha igrexa. O escultor Mario Horta encontra no principio a un ser humano nú e desde aí parte.*

*Imaxinamos o seu por que. Imaxinamos que quen esculca nas cifras dos nervios, das veas, dos músculos e ósos do ser humano para encontrar respostas a enigmas a cotío comprende que detrás dese traballo hai outras preguntas e outras respostas. E encontra as respostas cultivando a inocencia. Unha inocencia voluntaria, traballada serena e confiadamente, encontrando na pedra non o que hai dentro senón o que os ollos e as mans procuran: tirallo o frío á pedra morta e arma formas mornas e vivas. Aí as están, esas figuras que espertan en nós sentimentos de agarimo.*

**Suso de Toro**

Profesor de Arte moderna e contemporánea

Escritor



**IGREXA**  
Granito  
46 x 24 x 12 cm  
2000

**NAI E FILLO III**  
Granito  
43 x 16 x 17 cm  
2009



**MATERNIDADE III**  
Granito  
45 x 18 x 11 cm  
1998



## PROVOCAR, SUXERIR, TRANSMITIR

*Dende a chamada Idade da Pedra foron moitos que usándoa e transformándoa deixaron a súa pegada na historia. A pedra foi e seguirá sendo algo sólido, duradeiro, e de aí os ditos, duro como unha pedra, ten casa de pedra, pedra santa, a pedra que rola non colle musgo.*

*Mario traballa a pedra. É un canteiro? Non. É un arte-sán? Sí e non. Arte si que fai, san tamén o é, pero carece da utilidade inmediata que ven caracterizando semánticamente aos artesáns, oleiros, ferreiros, albardeiros... Mario traballa a pedra para crear formas e imaxes que nos provoquen, que suxiran, que transmitan. Son útiles como utensilios? Pois non. A min transmitenme paz, sosego, a través das súas formas redondas, dos ocos, das apertas, das caras, e fanme recordar ao románico, ao noso románico, ao Pórtico da Gloria, a pintura de Laxeiro e a de Mercedes Ruibal, aos cantos rodados dun río, e sobre todo vexo reflectido nelas a figura da muller, é máis, eu recordo a miña nai.*

**CAVILANDO**

Granito  
48 x 30 x 15 cm  
2008



**MATERNIDADE I**

Granito  
49 x 33 x 32 cm  
1999



## A EXQUISITA SINXELEZA

*Mario Hortas parte do concepto tradicional que durante tantos anos caracterizou a escultura galega: A estética do granito. A rudeza, as formas arredondadas, un certo primitivismo estético configuran esta aposta polo traballo en granito. Pero na súa traxectoria calada, Mario Hortas dá un paso máis. A rudeza faina amable, pulindo e dándolle unha forza e unha vitalidade inusual a esta materia difícil que é o granito. As formas seguen sendo redondeadas, pero Hortas consegue algo importante no eido da arte: a beleza intemporal. Esta visión de imaxen eterna, permanente é unha consecuencia lóxica da simplificación formal. Para a escultura a forma é o que as cores na pintura. A importancia de repensar as formas ten que ver moito con pais no que vivimos: Galicia.*

*A potencia de certas rochas e penedos con formas escultóricas permanecen na imaxinación deste escultor. Sempre gocei coas obras de Henry Moore e Isamo Noguchi porque conseguen unha simplicidade difícil e creativa. Algo semellante me sucede coas obras de Hortas, a súa exquisita sinxeleza fai que as súas obras teñan esa aura de beleza que sempre o artista consegue. As ocupacións estéticas e culturais do artista reflicten un acougo e un equilibrio que nos sitúan diante dun escultor que sabe transmitir a súa madurez espiritual ás obras que realiza.*

*As obras de Hortas caracterízanse pola tendencia cara á abstracción, nas que combina a sutileza típica galega cunha refinada sofisticación minimalista.*

**Antón Sobral**

Profesor de Historia da Arte



**ALOUMIÑO**  
Granito  
44 x 40 x 12 cm  
2008



**NAI E FILLO I**  
Granito  
45 x 18 x 17 cm  
2009



**ÁS**  
Granito  
50 x 43 x 12 cm  
2010

## ATRACCIÓN TELÚRICA

*É curioso que, ao ver as esculturas de Hortas, lle pasei a man por riba como soe facer todo o que mira algún neno de Failde. Debe haber, hai, unha coincidencia anímica entre os dous artistas. O caso é que a primeira vez que Mario Hortas colleu un cicel e unha maceta, deixadas “ata o luns” por un canteiro diante da pedra, déronlle arelas de probalas e atopou a súa vocación: fixo un neno de granito que parecía respirar. (Diferénciase de Failde, porque Hortas ten dentro un grande pouso intelectual e cultural de arte, de coleccionismo, de amor á beleza material sublimada). E, isto é importante, unha profunda –¿atavismo?–, atracción telúrica cara a Galicia. Así sáelle, sempre, iso que demos en chamar galeguidade –“isto é galego”– que ten a súa pegada no que coñecemos como o noso románico. Non hai máis que achegarse á obra de Hortas para pensar no mestre Mateo e en tantos canteiros-escultores do medievo que sen o saber xa tiñan no cerne a mesma mensaxe que terían co tempo, os novos escultores. Pois Hortas pertence moi dignamente a esa nómina de escultores “antigos” con valiosa modernidade e coa pegada galega que lle chega a través do tempo.*

### **Lalo Vázquez Gil**

Exdirector do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”  
Cronista Oficial da cidade de Vigo

**BALEIRA**  
Granito  
42 x 38 x 18 cm  
1999



**NENO I**  
Granito  
36 X 36 X 17 cm  
1998





**FUSIÓN**  
Granito  
49 x 42 x 18 cm  
2009



**MULLER**  
Granito  
45 x 45 x 17 cm  
2010



**TRIO**  
Granito  
40 x 22 x 22 cm  
2010

**MENINHA II**  
Granito  
43 x 28 x 11 cm  
2009



**NAI E FILLO II**  
Granito  
44 x 17 x 17 cm  
2010

**NAMORADOS**  
Granito  
48 x 38 x 18 cm  
2008



**NENO II**  
Granito  
40 x 30 x 12 cm  
2010

*Que pesará a alma? Un gran? Un ovo?  
O tío Francisco dicía que un repolo, se é de home de ben.*

**Manuel Rivas**

A desaparición da neve

*El cantero con sus manos saca el alma de las piedras y, a  
cambio, la piedra se queda con parte de la suya.*

**Paloma Sánchez Garnica**

El alma de las piedras

**SIMETRÍA**

Granito

42 x 45 x 18 cm

2010



MARIO  
*Arria e Volandina*  
HORTAS

Centro Social Novacaixagalicia  
Sala de Exposicións III  
Policarpo Sanz, 24-26  
Vigo

**Do 23 de febreiro ao 20 de marzo de 2011**

HORARIO

Luns a venres de 18.00 a 21.00 horas  
Sábados, domingos e festivos de 11.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 horas

